

ACTA IV

Acta do Tribunal para a selección de persoal docente da especialidade de "INSTALACIÓN E MANTEMENTO DE XARDÍNS E ZONAS VERDES" para a execución do obradoiro de emprego RENOVA VERDE . Fase de revisión de reclamacións á baremación e determinación de resultados definitivos.

No Centro de Formación e Emprego do Concello de Ames, sito en Aldea Nova, sendo as 10:00 horas do día 24 de xullo de 2026, reúnese o Tribunal encargado da selección do persoal docente da especialidade de "INSTALACIÓN E MANTEMENTO DE XARDÍNS E ZONAS VERDES" do obradoiro dual de emprego "RENOVA VERDE", comparecendo os seguintes membros:

Presidente:

Titular: Juan Carlos Carreja Iglesias, Concello de Ames.

Secretario/a:

Titular: Dolores Landeira Liñares, Concello de Brión.

Vogais:

Titular: Pablo Bello Nieto, Concello de Ames.

Titular: Eva Vidal Caamaño, Concello de Brión.

Titular: Emilia Seara Fernández, Concello de Ames.

Obxecto da sesión:

Constitúe o obxecto da presente sesión:

Primeiro.- O exame e resolución das alegacións formuladas en relación aos resultados provisionais do proceso selectivo, no seu caso.

Segundo.- A determinación dos resultados definitivos do proceso de selección do persoal directivo e docente.

Primeiro. Revisión de alegacións á baremación provisional de méritos:

Unha vez finalizado o prazo establecido para a presentación de alegacións á baremación provisional de méritos das persoas candidatas, conséntase que a única persoa candidata admitida ao proceso non presenta alegacións ás puntuacións outorgadas en dita baremación provisional.

Segundo. Aprobación do resultado definitivo do proceso de selección de persoal docente da especialidade de "INSTALACIÓN E MANTEMENTO DE XARDÍNS E ZONAS VERDES" e proposta de contratación do persoal seleccionado, de conformidade co previsto no Anexo I desta acta.

Dado que non se presentaron alegacións á fase de baremación provisional, apróbase o resultado definitivo do proceso selectivo do persoal docente da especialidade de "INSTALACIÓN E MANTEMENTO DE XARDÍNS E ZONAS VERDES" e a proposta de contratación do persoal seleccionado, de conformidade co establecido nas bases do proceso selectivo. Non procede a creación dunha listaxe de agarda ao non haber máis persoas candidatas admitidas ao proceso. O resultado definitivo recóllese no Anexo I desta acta.

Cumprido o obxecto da reunión, dáse por rematado o acto, sendo as 11:00 horas do día de referencia, do que se estende a presente acta que asinan os señores asistentes.

ANEXO I

RESULTADO DEFINITIVO DO PROCESO SELECTIVO

MESTRE /A FORMACIÓN ESPECIALIZADA DE "INSTALACIÓN E MANTEMENTO DE XARDÍNS E ZONAS VERDES":

POSTO: MESTRE/A XARDINERIA						
APELIDOS E NOME	TITULACIÓN ACADÉMICA (máx. 2 ptos.)	EXPERIENCIA PROFESIONAL (máx. 7 ptos.)	CURSOS DE FORMACIÓN (máx. 2 ptos.)	FORMACIÓN DIDÁCTICA (máx. 1 pto.)	LINGUA GALEGA (1 pto.)	BAREMACIÓN (MÁX. 13 ptos.)
FERREIRA FERNÁNDEZ, LUCÍA	0	2	0,4	0	0	2,4

Á vista da puntuación acadada, propónse a contratación da seguinte persoa seleccionada:

POSTO: MESTRE /A FORMACIÓN ESPECIALIZADA DE "INSTALACIÓN E MANTEMENTO DE XARDÍNS E ZONAS VERDES":

SELECCIONADA:
FERREIRA FERNÁNDEZ, LUCÍA